



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
29.07.2021

LUGAR: Paraninfo do edificio Ernestina Otero – Campus de Vigo

DATA: 29.07.2021

HORA DE COMEZO: 12:15

HORA DE REMATE: 14:15

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cebro Rodríguez, Xoán
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Franco García, José María
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Larriba Leira, María Elvira
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Novoa Rodríguez, María Sol
Ojea Bouzo, Armando
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Souto García, Raquel María

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Rial, María Gloria
Couto Cancela, Daniel
Fernández Zunzunegui, Emilio
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Santamaría Conde, Juan José
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

NON PARTICIPARON

López Fernández, Yolanda

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O xoves, 29 de xullo de 2021, ás 12:15 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (29.06.2021).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe que proceda sobre as propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento para o curso 2022/2023 da Universidade de Vigo. (Consello de Goberno do 27 de xullo).
5. Informe que proceda sobre a creación de novos centros: Facultade de Dirección e Xestión Pública, Facultade de Deseño e Facultade de Relacións Internacionais. (Consello de Goberno do 27 de xullo).
6. Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades, e cuantificación do posible aforro de custos.
7. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para o novo proxecto "Dixital Pontup", un espazo virtual interactivo para organizar unha programación propia de eventos e actividades relacionadas co emprendemento.
8. Acordo que proceda sobre a realización dun estudo, por iniciativa do Consello Social, para medir o impacto e o retorno económico e social da UVigo no seu conxunto e en cada un dos tres Campus por separado.
9. Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros que desenvolverá a UVigo no curso 2021/2022 nos tres Campus.
10. Aprobación, se procede, das tarifas por actividades deportivas na UVigo para o curso 2021/2022.
11. Taxas e Memorias finais de títulos propios. Últimas propostas avaliadas consonte o *Regulamento de títulos propios de Posgrao e outros cursos da UVigo*, vixente dende outubro de 2005, que pasa a ser substituído polo Regulamento dos programas de formación permanente da UVigo.
12. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo, correspondentes ao mes de xuño de 2021.
13. Rogos e preguntas.

Os asistentes teñen á súa disposición exemplares das últimas publicacións promovidas ou editadas polo Consello Social, como é o caso dos traballos: Barómetro de empregabilidade da Universidade de Vigo. Perspectiva dos empregadores na era Covid-19; Estudo sobre o impacto laboral da primeira onda da pandemia de Covid-19 nas persoas tituladas da UVigo. Marzo-Xuño de 2020; La conciliación. Un derecho imprescindible en el siglo XXI; Ensayos académicos sobre Iberoamérica y Galicia; o Plan Estratégico 2021-2026 da UVigo; e a Memoria de actividades do Consello Social correspondente a 2019.

O presidente dá a benvinda aos presentes e congratúlase da volta aos plenos presenciais 19 meses despois. Ante algunhas consultas recibidas explica as dificultades para convocar sesións mixtas e avoga por normalizar as asistencias -con todas as precaucións e medidas necesarias- como mellor xeito de debater, aproveitar as intervencións, intercambiar pareceres e opinións e implicarse e coñecer as instalacións da UVigo.

Asiste como invitado o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, para informar sobre os puntos 4 e 5 da Orde do día.



PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (29.06.2021).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Lembra Ernesto Pedrosa a longa espera “para que, dez plenos telemáticos despois, volvésemos á normalidade de poder reencontrarnos”. Reflexiona sobre os novos escenarios e o novo marco mental e novos valores que demandan os profundos cambios vividos –“veñen de pasar moitas cousas, e a realidade xa é outra”-.

Saúda expresamente aos novos conselleiros –“aínda que despois de 19 meses de non vernos, novos me parece que somos todos”-.

Subliña o presidente a importancia dos asuntos a tratar, en especial os referidos a novos títulos e novos centros, “porque marcan o futuro inmediato da UVigo” ao tratarse de propostas para implantar no curso 2022/2023. Sinala que a Xunta e as tres universidades galegas consensuaron un mapa de titulacións para os próximos cinco anos que prevé unha decena de Graos e 15 Mestrados, pensados para que o estudantado non teñan que marchar de Galicia xa que priorizan títulos que agora non existen e atenden a unha maior especialización e á formación para ocupacións estratéxicas de futuro. –“É boa noticia que as universidades colaboren e dialoguen para sumar, e aposten polo consenso e o debate franco”-. Neste senso interésase pola situación nas que se atopan as conversas coa UDC para desatascar o Máster de Enxeñaría Aeronáutica que de xeito insistente e urxente reclámase dende o Campus de Ourense, e pregunta pola situación en que se atopan os Graos Abertos.

Despois de aportar estatísticas sobre o baixo ritmo de creación de titulacións que rexistra Galicia (29%) respecto doutras comunidades e da media española (33,4%), dende o curso 2010/2011 ata hoxe, Pedrosa Silva pide estar atentos a que a UVigo diversifique a súa oferta de xeito áxil e acorde coas necesidades das empresas, “que queren egresados formados, innovadores, con liderado e con base ética, con idiomas, con afán de aprender e con visión global do mundo”.

Admite o risco que moitas veces supón apostar por un título e acertar, polo que recoñece “a capacidade, sensibilidade e valentía do equipo de goberno”, para o que pide acompañamento e apoio “nesa difícil elección”.

Pide o presidente que non se atendan as argumentacións de que sobran universitarios, e en troques afirma que “o que faltan son postos acordes a unha economía que non se base no turismo e na construción”, e resume que as estimacións apuntan a que España precisará que en 2050 o 38% dos seus traballadores teñan estudos universitarios, e que hoxe en día esa cifra apenas chega ao 26%.

Remata celebrando o comportamento “consecuente e acertado” co que afrontou a UVigo o contexto tan adverso e incerto do último curso, e lembrando recente declaración do reitor nas que confiaba en que a UVigo estea pronto entre as 500 mellores do mundo, manifesta que “hai motivos para o optimismo”, para o que pide que o debate educativo reciba, promova e acepte novas voces e novos modos –“aí é onde temos que encontrarnos, uns sumando dende traxectorias profesionais ou persoais; outros comparecendo no espazo público, como fan vostedes”-. A todos agradece “a aportación e militancia co desenvolvemento e a excelencia da UVigo, dende posicións leais, positivas e prácticas”.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Agradece Manuel Reigosa as palabras do presidente e concorda en subliñar a importancia do consenso interuniversitario galego “para que haxa acordos onde antes había enfrontamentos”. Destaca o empeño en facer atractivas as titulacións para captar estudantado e explica o crecemento do Campus de Ourense e a aposta por axudar ao tecido económico-empresarial da contorna, o atractivo do Campus de Pontevedra. Dá a benvida tamén aos novos membros que se incorporan ao Consello Social.

A primeira parte da intervención do reitor céntrase en analizar como se atopa a situación do proxecto de traslado de titulacións á cidade de Vigo, e os plans de ocupación de edificios na propia



cidade, dando tamén resposta a unha batería de preguntas presentada por María Elvira Larriba, Antonio Macho e Jesús Graña, que se transcriben:

"Como membros do Consello Social compartimos co Consello de Goberno a responsabilidade do manexo dos fondos da Universidade de Vigo e das decisións de investimento. Non podemos, por iso, desentendernos da nosa corresponsabilidade contable na supervisión e control económico-financeiro.

Para o correcto desempeño das nosas funcións debemos estar informados, sobre todo cando as actuacións que expón o actual equipo de goberno afectan a "bens inmobles e mobles de extraordinario valor", ou aos "plans estratéxicos que poida adoptar a Universidade", como se recolle nos artigos 3.g e 4.c do Regulamento polo que se rexe este Consello Social.

Aínda que coñecemos a través do informe presentado polo reitor en sesión plenaria, a proposta de traslado de titulacións do campus das Lagoas-Marcosende ao de Vigo cidade (edificios da antiga ETEA, antigos xulgados, e novos espazos adquiridos na rúa López Mora), non sucedeu o mesmo coa decisión de rexeitalo.

O 28 de xuño pasado presentouse ao Claustro de profesores un documento cos resultados da enquisa que, sobre esta cuestión, se realizou entre profesores, PAS, alumnado e egresados da Universidade de Vigo e estudantes de secundaria. Con todo, de nada se informou aos membros do Consello Social no pleno que tivo lugar ao día seguinte.

Solicitamos ao reitor que nos traslade as opinións da comunidade educativa, as conclusións obtidas da enquisa e a decisión final do equipo de goberno en relación coa proposta de traslado.

Como xa se ten dito nalgún pleno do Consello Social, non parece lóxico que os seus membros teñan que decatarse pola prensa de actuacións de calado que afectan á Universidade de Vigo. Sobre todo, naquelas que consideramos de suma importancia para o afianzamento da Universidade de Vigo no campo da I + D Mariña, que pasou de xeito tanxencial por varios plenos do Consello Social, como o é a posta en marcha do Campus do Mar, proxecto que leva varios anos tentando poñerse en marcha e a día de hoxe descoñecemos o seu estado.

Tratábase de reunir nun mesmo recinto a todos os centros universitarios dedicados aos estudos e investigacións mariñas, así como contar tamén coa presenza do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) situado actualmente en Bouzas. O lugar elixido eran as antigas instalacións da ETEA que foron adquiridas por distintas institucións, e algúns dos seus edificios postos ao dispor da Universidade.

Ante o silencio mostrado ata o momento gustaríanos saber:

- que plans ten a Universidade respecto a situar na ETEA o Campus do Mar?; que centros irían a esa instalación?; que custo tería o traslado?; cóntase con axudas institucionais para o devandito traslado?; poñeríase en marcha este proxecto xuntamente co Instituto de Investigacións Pesqueiras que xa acordou o seu traslado á ETEA?; centralizaríase na ETEA ese gran centro de I+D Mariña que Vigo necesita?; que outras institucións colaborarían no desenvolvemento do proxecto, quizais Zona Franca?."

Reigosa dá conta do plan e da intervención para situar o Campus do Mar na antiga ETEA, e das previsións para os edificios de López Mora, pegados ao Campus histórico en Torrecedeira. Explica a folla de ruta iniciada o 5 de marzo, con sesións informativas e debate dentro da comunidade, e asume como un erro que a prensa difundirá que se ía desmantelar o Campus de Vigo –"a idea era mover algunha titulación, pero a prensa desvirtuou a situación". Engade que o obxectivo era saber o que se pensaba, para o que se fixeron consultas e enquisas. Pormenoriza os resultados da enquisa entre o alumnado de Secundaria, entre os egresados e entre os membros dos centros de Vigo (PDI, PAS e estudantado) e aclara que non se deu conta ao Consello Social porque "non se vai facer nada, e non ten nada que aprobar; se houberse unha posición favorable, dende o equipo de goberno teríamos feito algunha proposta".

Como conclusións, informa que tendo en conta a folla de ruta e vistos os resultados da consulta, non se vai pedir o acordo de ningún centro, agás que a Facultade de Ciencias xurídicas e do Traballo a solicite e faga efectivo o interese amosado en moverse á cidade; que se abandona a idea de adquirir edificios en López Mora e a de construír un edificio nos terreos da antiga ETEA; que estas oportunidades non van a estar dispoñibles en anos sucesivos, polo que as dúas posibilidades quedan definitivamente pechadas; que a Facultade de Ciencias do Mar aprobou, por 18 votos a favor, 2 en contra e 3 abstencións, o seu interese en situarse na ETEA, e que a finais de ano se valorará esa posibilidade.



Remata este punto dando conta da petición de tres edificios nos terreos da ETEA, de xeito gratuíto, para un centro de investigación potente, con docencia, investigación e transferencia de primeiro nivel, profesorado e alumnado internacional, agradecendo ao goberno galego a cesións deses espazos.

Outros asuntos expostos polo reitor remiten ao Plan de financiamento (destaca o talante negociador no que se está a desenvolver), e ao Mapa de titulacións (para o período 2022-2026; implantación dun Grao e un Mestrado interuniversitarios en Intelixencia Artificial; novos Mestrados con perfís profesionais non cubertos coas titulacións actuais; 10-12 novos Graos non existentes no SUG; posible re-configuración da oferta actual e aumento global do 10% das prazas ofertadas).

Remata dando conta de visitas e xuntanzas; nomeamentos, entre eles o de Roberto Ignacio Fernández como director do Campus da Auga; inicio da desadscripción consensuada do IESIDE; convenios de colaboración coa Xunta, para accións estratéxicas de I+D+i e dixitalización que reportarán 8,1 millóns adicionais para 2021; e datos de matrícula en primeiro curso, que cualifica de "bos".

PUNTO 4

Informe que proceda sobre as propostas de verificación/modificación de títulos de Grao, Mestrado e Doutoramento para o curso 2022/2023 da Universidade de Vigo. (Consello de Goberno do 27 de xullo).

Principia o vicerreitor de Ordenación académica a Profesorado expoñendo que este ano non houbo convocatorias de Graos Abertos, e que as experiencias piloto anteriores estanse xa a avaliar, se ben na UVigo non houbo iniciativas.

Respecto do inicio do curso di que se aprobaron normas para traballar con modelos de presencialidade total, primando docencia práctica en presencial e a teórica en mixta. Detalla casos de titulacións con particularidades (un centro en cada Campus) que piden condicións específicas –"se as condicións melloran e se pode pasar a un 100% de presencialidade, farase". No tocante á verificación e modificación de títulos, menciona os prazos e o procedemento de trámite seguido, deténdose nas variacións, as causas e as circunstancias das tres propostas novas: Grao en Enxeñaría da Automoción ("un título fundamental con forte implicación do sector e da Xunta"); Máster en Enxeñaría Biomédica ("acada gran éxito, con gran implicación do Sergas e da área sanitaria de Vigo"); e Máster en Exercicio Terapéutico ("ao fin a Facultade, en Pontevedra, ten un Mestrado").

Manuel Ramos fala logo doutros títulos que non chegaron a tempo e que se agardan para setembro, entre eles o Grao e o Máster interuniversitarios en IA, e o Máster en Enxeñaría Aeronáutica "no que temos esperanza de que chegue a tempo".

Por este último caso interésase Elena Añel, para quen "despois de moito tempo falando disto, aínda falamos de esperanzas". Lembra que xa se graduou a segunda promoción e teñen que marchar fora de Galicia para seguir os estudos. Pregunta en que se basea a esperanza que apunta o vicerreitor, e se é posible implantar o Máster en solitario na UVigo. A conselleira propón tamén que se aumenten as prazas para formación do profesorado de Ensinanza Secundaria, porque a demanda supera con moito a oferta.

O reitor comparte que se a Escola de Camiños de Coruña segue a non responder, "o lóxico sería retomar a exclusividade", pero lembra a obrigatoriedade de que sexa interuniversitario, aínda que os responsables de facer a Memoria non resolvan. No caso do profesorado de Secundaria, Reigosa recoñece que o alumnado ten que buscar outras saídas e que hai limitacións (280 prazas para 1.500 solicitudes), pero remítese a que a competencia e da Consellería por ser quen debe dar o permiso para máis prazas e para que o alumnado poida facer despois as prácticas obrigatorias nos institutos.

Armando Ojea agradece a acollida e, como representante do Concello de Ourense, insta ao reitor a que solicite da Xunta que se recupere para o Campus de Ourense, e en exclusividade, o Máster en Enxeñaría Aeronáutica. Fai unha dura alegación contra a situación de espera e retraso, e amósase pesimista respecto a que se poida desatascar en setembro. Entende que a única solución pasa por descartar que sexa interuniversitario e recupéralo en exclusiva.

Ernesto Pedrosa intervén neste punto para compartir a preocupación que amosan os concelleiros ourensáns e pronuncíase a prol dunha solución urxente.

De novo Manuel Reigosa solidarízase co descontento e a reclamación, pero reitera que a mellor solución era un Master propio pero que cando se presentou xa había outro rexistrado mediando entón a Secretaría de Universidades para que fose interuniversitario. "Se non é así, farémolle ver á Consellería que o problema non é noso". Afirma que toma nota e revela que as reunións entre os dous centros están



a ser "constantes e frecuentes". E aproveita para pedir prudencia e expresións en positivo nas mensaxes que se están a trasladar sobre a Escola "porque o profesorado é de máximo nivel, e aínda con este atranco está a facer as cousas a un altísimo nivel".

- ***O Pleno informa favorablemente este punto.***

PUNTO 5

Informe que proceda sobre a creación de novos centros: Facultade de Dirección e Xestión Pública, Facultade de Deseño e Facultade de Relacións Internacionais. (Consello de Goberno do 27 de xullo).

Dá conta Manuel Ramos do proceso seguido e define os aspectos máis destacados de cada un dos casos, entre eles estudantes estimados, perfil formativo, profesorado e PAS, recursos materiais, outras instalación e custes.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 6

Recepción e análise do informe de auditoría operativa sobre "Aportación do Consorcio interuniversitario do SUG (CISUG) á centralización de compras e servizos común ás tres universidades, e cuantificación do posible aforro de custos.

Informa a xerente do encargo do informe, e como membro do Consorcio apunta que se trata dun bo exemplo do que se pode facer conxuntamente no SUG. Cita algunhas das propostas e recomendacións recollidas no documento, así como vantaxes e aforros que poderían acadarse. Á pregunta de Jesús Graña, Raquel Souto avanza que o Consorcio aínda está a traballar e dando pasos para conformar a súa estrutura de apoio administrativo.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para o novo proxecto "Dixital Pontup", un espazo virtual interactivo para organizar unha programación propia de eventos e actividades relacionadas co emprendemento.

Na presentación da proposta recollida neste punto, Ernesto Pedrosa pon especial atención na maior presenza, interacción social e posibilidades de emprendemento que posibilitará este espazo virtual.

- ***Apróbase unha aportación de 4.000 €.***

PUNTO 8

Acordo que proceda sobre a realización dun estudo, por iniciativa do Consello Social, para medir o impacto e o retorno económico e social da UVigo no seu conxunto e en cada un dos tres Campus por separado.

Explica o presidente o propósito e os obxectivos da iniciativa, que se desenvolverá dentro deste ano e será encargada a un amplo equipo de profesores do departamento de Organización de empresas e Márketing da UVigo. Visto o cronograma e o custe previsto de 8.600 € para a realización dos traballos, e un máximo de 3.900 € para a difusión e publicación tanto dixital como impresa.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 9

Aprobación, se procede, dos prezos públicos dos Obradoiros que desenvolverá a UVigo no curso 2021/2022 nos tres Campus.

Revisanse as taxas propostas remitidas dende o Servizo de Xestión de Extensión Universitaria, que serán aplicables nos tres Campus á comunidade universitaria, a familiares e comunidade Alumni-UVigo e a outras persoas vencelladas.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***



PUNTO 10

Aprobación, se procede, das tarifas por actividades deportivas na UVigo para o curso 2021/2022.

A Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes da UVigo remite a proposta que se somete a aprobación e na que se definen os tipos de persoas usuarias, os abonos para a Área de Benestar, Saúde e Deporte, os accesos puntuais, as escolas deportivas, as competición e eventos, outras actividades e as exencións previstas polo uso das instalacións.

- ***Apróbase a proposta.***

PUNTO 11

Taxas e Memorias finais de títulos propios. Últimas propostas avaliadas consonte o Regulamento de títulos propios de Posgrao e outros cursos da UVigo, vixente dende outubro de 2005, que pasa a ser substituído polo Regulamento dos programas de formación permanente da UVigo.

Aclaradas as circunstancias que concorren e non habendo incidencias nin causas de rexeitamento, o presidente declara que se pon fin a un longo ciclo no que as taxas revisábanse individualmente nas reunións da Comisión Executiva, competencia que dende agora desenvolverase unha única vez ao ano, cando se aproben as taxas de forma conxunta e global para todo o curso, o que podería suceder por primeira vez no próximo Pleno, previsto en principio para o mes de setembro.

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 12

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo, correspondentes ao mes de xuño de 2021.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 13

Rogos e preguntas.

Elvira Larriba pide a palabra para agradecer as explicacións ofrecidas polo Reitor no seu informe (punto 3 da O.D.), así como as respostas dadas ás preguntas que presentou conxuntamente con Antonio Macho e Jesús Graña. Engade unha nova pregunta sobre os edificios que se van a conseguir na cidade, consonte o dito por Manuel Reigosa. O reitor comprométese a dar as explicación pertinentes nunha próximo sesión plenaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:15 horas do 29 de xullo de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias